

5.3. ■ ■ medio ambiente

■ O estudo do medio ambiente dividirase en cinco grandes bloques. O primeiro deles fai referencia a análise do impacto do afundimento do buque *Prestige* en novembro de 2002.

O segundo subapartado está dedicado á análise do aire, a partires dos datos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente.

Posteriormente, analízase a situación da auga, tendo en conta os datos do INE referidos á precipitación acuosa e a capacidade dos embalses e a auga embalsada nas diferentes cuncas hidrográficas; así como o uso agrícola, as perdas de auga na rede de distribución e o prezo da mesma en comparación con outras comunidades autónomas.

O cuarto apartado está dedicado ó solo. Dado que no capítulo 3.2.- *Sector primario e industrias relacionadas*, se analizan aspectos como a distribución xeral da terra ou o consumo de fertilizantes, neste capítulo se presentan os datos do número de incendios e superficie afectada, a partires da información facilitada pola Consellería de Medio Ambiente e o Ministerio de Medio Ambiente.

Finalmente, preséntanse os principais datos da *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos* publicada polo INE, así como os datos dunha serie de indicadores competencia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

O presuposto da Consellería de Medio Ambiente rexistrou unha medra no ano 2001 do 57,4% respecto ó ano precedente, para situarse nos 267.759,2 miles de euros, dos que un total de 81.773,2 miles de euros (un 13,5% máis que no presuposto do ano anterior) corresponden ó capítulo VI, investimentos reais.

O **cadro 5.3.1.** reflicte a distribución dos créditos por programas da devandita Consellería. Os programas 614C, ordenación, reestructuración e desenvolvemento do sector forestal; o 422C, prevención e defensa contra incendios; e o 342A, protección e mellora do medio ambiente, absorben o 78,7% do total dos presupostos da Consellería.

Comparado co ano anterior cómpre salientalo importante crecemento dos devanditos progra-

CADRO 5.3.1.

Presuposto consolidado da Consellería de Medio Ambiente 2001-02: distribución por programas

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
342A Protección e Mellora do Medio Ambiente	48.911,6	114.657,0	134,4
341A Direccións e Servizos Xerais de Medio Ambiente	6.871,4	7.435,7	8,2
422C Prevención e Def. contra Incendios Forestais (Plan forestal de Galicia)	45.280,9	54.114,0	19,5
432A Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico	2.603,6	1.890,2	-27,4
614C Orden., Reestruct. e Desenvolv. Sector Forestal (Plan forestal de Galicia)	51.976,7	41.942,2	-19,3
441A Elaboración e difusión estatística	44,5	-	-100,0
731A Mellora da Estruct. Forestal e 1ª Transf.	14.424,3	15.873,8	10,0
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos	-	31.846,3	0,0
Total	170.112,9	267.759,2	57,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

CADRO 5.3.2.

Proxecto de investimentos de Augas de Galicia 2001-02

	2001	2002	02/01
	(en miles de €)		(%)
342A Protección e mellora do Medio Ambiente			
601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.)	38.072,0	2.527,3	-93,4
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	601,0	2.104,8	250,2
412A Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos			
601 Saneamento, protección e mellora do medio natural (obra hidráulica e M.N.)	23.549,7	3.050,7	-87,0
623 Maquinaria, instalacións e utensilios	48,1	50,0	4,0
624 Material de transporte	60,1	95,0	58,1
625 Mobiliario e útiles	102,2	-	-100,0
626 Equipos para procesos de información	60,1	60,1	-0,0
640 Gastos en investimentos de carácter inmaterial	60,1	350,5	483,2

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A .

mas 342A e 422C, que presentan unha medra do 134,4% e 19,5%, respectivamente.

Xunto á actuación da Consellería, na mellora e conservación medioambiental tamén colaboran a sociedade pública Sogama, cun presuposto de 187.106 miles de euros (un 5,3% superior ó do ano 2001), e Augas de Galicia, da que os seus investimentos reais, como se reflicte no **cadro 5.3.2.**, ascenden a 8.238,4 miles de euros (un 86,8% inferior ó do ano 2001).

Os presupostos da Xunta inclúen unha previsión de ingresos por gravames de contaminación atmosférica, por un importe de 15,9 millóns de euros, a mesma contía que no ano 2001. A previsión de ingresos por este concepto no ano 2003 sitúase nun 21,1% sobre o ano 2002, debido á modificación das tarifas e dos tramos ás que se aplican as tarifas vixentes dende o ano 1995.

No concernente á normativa medioambiental adoptada en Galicia en 2002 cómpre salientar que o 18 de decembro de 2002 foi aprobada polo

Parlamento de Galicia a **Lei 8/2002, de Protección do ambiente atmosférico de Galicia**. Esta Lei ten como obxecto:

- O establecemento das normas, dos criterios e das técnicas de ordenación para manter un alto nivel de calidade do aire ambiente e melloralas, así como para previr, vixiar e reduci-la contaminación atmosférica.

- Evita-la contaminación atmosférica producida polo home, directa ou indirectamente, mediante a introducción na atmosfera de contaminantes que poidan inducir efectos nocivos, prexudiciais ou molestos sobre a saúde humana, os ecosistemas e hábitats implantados en solos ou augas, a paisaxe, os recursos naturais, os materiais, incluído o patrimonio histórico, o clima ou a propia calidade físicoquímica do aire.

Para levar a cabo os obxectivos sinalados desenvólvense as seguintes actuacións:

- A definición e o establecemento dos obxectivos de calidade do aire para os diferentes contaminantes e a fixación de límites de emisión para as actividades potencialmente contaminantes.

Estado das praias galegas a 17 de xuño de 2003

	Limpas	En rochas e/ou capas profundas	Con restos de fuel
A Coruña	378	12	-
Norte (1)	130	5	-
Centro (2)	118	7	-
Sur (3)	130	-	-
Lugo	63	-	-
Pontevedra	249	-	-
Parque Illas Atlánticas	13	8	-
Total	703	20	-

(1) Comprende o litoral desde Caión ata o límite a provincia de Lugo

(2) Comprende o litoral desde Monte Louro (Muros) ata Caión (Laracha), ambos incluídos.

(3) Comprende o litoral desde o límite da provincia de Pontevedra ata Monte Louro (Muros)

 Fonte: *Ministerio de la Presidencia*

- A avaliación da calidade do aire ambiente.
- A elaboración de información adecuada sobre o estado do medio ambiente atmosférico e a súa posta en coñecemento do público en xeral.
- A adopción das medidas necesarias co fin de contribuír á solución dos problemas ambientais de alcance planetario ou internacional.

Xunto coas actuacións enmarcadas na Lei 8/2002, de 18 de decembro, de Protección do ambiente atmosférico, o CES considera necesario a incorporación por parte da Xunta de Galicia da información sobre os indicadores de presión medioambiental definidos no marco da Unión Europea, como son o consumo de enerxía primaria, as emisións de anhídrido carbónico, a degradación e fragmentación de zonas protexidas, o consumo de auga per cápita, a produción eléctrica a partir de combustibles fósiles, a balanza madeireira, o consumo de praguicidas na agricultura, os residuos urbanos non reciclados, as augas residuais urbanas non tratadas, a porcentaxe de transporte urbano de pasaxeiros, os residuos en vertedoiros, a incineración de residuos, o uso de praguicidas por hectárea de superficie agrícola e o uso de nitróxeno por hectárea.

O accidente do buque *Prestige*

O impacto social, económico e ambiental das mareas negras do buque *Prestige* en Galicia foi o acontecemento socioeconómico máis salientable do ano 2002, o que xustifica que se dedique o primeiro apartado do capítulo medioambiental á análise das principais actuacións derivadas desta catástrofe.

O accidente do *Prestige* tivo lugar o 13 de novembro de 2002 a 28 millas ó oeste do cabo Finisterre, afundindo seis días máis tarde tras ter sido afastado da costa. A primeira marea negra (13 novembro - 19 novembro) produciuse polo regueiro que foi soltando o buque ata que afundi. Unha segunda marea negra (19 novembro - 10 decembro) produciuse durante o afundimento do *Prestige* e a partir da última data prodúcense afloramentos no lugar do afundimento.

No concernente ós medios humanos empregados durante o máximo operativo, os datos do Ministerio da Presidencia informan que participaron unha media de case cinco mil persoas ó día, entre o persoal contratado por TRAGSA, voluntarios, Forzas Armadas e empresas constructoras privadas. Asemade, no operativo de loita contra a contaminación cómpre salienta-la participación diaria de 40 buques, 30 aeronaves (avións e helicópteros) e máis de mil embarcacións de pesca colaborando, mobilizándose un total de 900 vehículos, 25.000 contenedores, máis de 64.000 metros de barreiras anticontaminación e máis de 734.000 equipos completos de limpeza.

En relación ó fuel-oil recollido na mar e os residuos recollidos ata o mes de xuño de 2003, no mar os buques anticontaminación recolleron un total de 14.946,4 metros cúbicos e as embarcacións de pesca un total de 7.818,5 metros cúbicos. O volume de residuos recollidos ata o devandito mes ascende a 58.876,3 toneladas, das que 48.831,4 recolléronse en A Coruña (82,9%), 6.000,6 toneladas en Pontevedra (o 10,2%), 3.845,0 toneladas no parque Illas Atlánticas (o

CADRO 5.3.4.

Nivel de pole en Galicia 2002: distribución segundo especies

	Total	Estrugas	Gramíneas	Bidueiro	Llanten	Piñeiro	Carballo	Ameneiro	cupresáceas	Outros
	(en grans de pole / metro cúbico de aire)									
A Coruña	7.088	2.394	1.239	-	-	535	-	-	332	2.588
Lugo	23.055	2.692	6.613	3.571	-	-	2.805	-	-	7.374
Santiago	28.659	1.497	3.312	15.925	-	-	1.569	-	-	6.356
Verín	25.932	-	8.221	-	-	3.929	2.180	3.083	-	8.519
Vigo	25.230	3.401	4.051	-	-	8.454	2.576	-	-	6.748
Viveiro	9.425	3.050	2.133	-	-	-	-	785	-	3.457
Ourense	30.127	-	5.916	2.848	-	6.917	5.026	-	-	9.420
Trives	32.341	-	7.218	3.952	-	3.010	7.271	-	-	10.890

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

6,6%) e 199,7 toneladas en Lugo (o 0,3%).

Respecto ó estado das praias, o Comisionado do Goberno para o *Prestige* informa que a 17 de xuño de 2003 estaban limpas 703 praias e que en 20 había restos de fuel-oil en rocas e/ou capas profundas. Atendendo á súa distribución provincial, o **cadro 5.3.3.** amosa que das 20 praias que presentan restos de fuel en rocas ou capas profundas, 12 atópanse na provincia de A Coruña (5 praias pertencentes ó litoral dende Caión ata o límite da provincia de Lugo, e 7 entre Monte Louro, en Muros, e Caión, en Laracha) e 8 no Parque Illas Atlánticas.

Aire

Un indicador da situación da atmosfera ven dado polo nivel de pole no aire. Segundo os datos da Rede galega de aerobioloxía, cómpre salientar, tanto polo seu carácter alérxico como pola súa gran presenza en Galicia, a presenza das gramíneas, seguida das urticáceas (estrugas), tamén fonte de alerxias, e o bidueiro.

O **cadro 5.3.4.** reflicte os datos dos oito captadores distribuídos ó longo da xeografía galega. En canto á cantidade de grans de pole por metro cúbico de aire, salientan Trives e Ourense, con 32.341 e 30.127 grans de pole por metro cúbico. En canto ás diferentes especies, cómpre salientalo papel das gramíneas en Verín e Trives e do piñeiro en Vigo, mentres que no captador de Santiago a especie predominante é o bidueiro.

Auga

A auga pode considerarse como un recurso escaso, polo que unha adecuada planificación da

política hidráulica imponse coma unha necesidade. O Plan Hidrológico Nacional 2001-2008, aprobado mediante Lei 10/2001, de 5 de xullo, é o instrumento da devandita planificación.

O programa de investimentos para o período de vixencia do Plan contempla uns investimentos de 23.050,5 millóns de euros, dos que 4.207,1 millóns de euros van destinados á transferencia dende o Ebro ata as cuncas deficitarias (Júcar e Segura). Os restantes 18.843,4 millóns de euros destínanse a actuacións de planificación nas cuncas hidrográficas, das que un 3,1% (591,7 miles de euros) corresponden ó investimento en Galicia.

O **cadro 5.3.6.**, que recolle os datos da precipitación acuosa ó longo do ano 2001, reflicte que a vertente Norte e Noroeste é a que rexistrou o maior número de litros por metro cadrado, con 1.435 litros (un 9,7% menos que o rexistrado no ano anterior). Pola contra, as zonas con menores precipitacións son a cunca do Júcar e a do Segura, con 455 e 402 litros por metro cadrado, respectivamente.

Atendendo á evolución respecto ó ano anterior, o devandito cadro reflicte que tres cuncas presentan un aumento da precipitación acuosa: Guadiana, cun 14,3% máis; Guadalquivir, cun 12,9% máis; e a cunca do Segura, cun 31,8% máis que no ano 2000. Pola contra, é a cunca do Ebro a que experimenta a maior redución das precipitacións, cun 24,8% menos (160 litros por metro cadrado menos).

No concernente á capacidade dos embalses é á cantidade de auga embalsada, o **cadro 5.3.7.** reflicte que a zona norte presenta unha capacida-

CADRO 5.3.5.
Reparto de investimentos do Plan Hidrolóxico Nacional 2001-2008

	Investimentos <i>(en miles de €)</i>	C.A./Total <i>(%)</i>
Andalucía	4.157.813,8	22,1
Aragón	2.514.003,6	13,3
Asturias	484.704,2	2,6
Canarias	594.971,9	3,2
Cantabria	367.831,4	2,0
Castela e León	1.508.360,1	8,0
Castela - A Mancha	1.236.594,4	6,6
Cataluña	1.089.190,2	5,8
Comunidade Valenciana	1.304.869,4	6,9
Extremadura	1.166.288,0	6,2
Galicia	591.720,5	3,1
Madrid	604.798,5	3,2
Murcia	1.066.057,2	5,7
Navarra	1.006.941,7	5,3
País Vasco	420.179,6	2,2
Varias comunidades	729.075,8	3,9
Total	18.843.400,3	100,0

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

CADRO 5.3.6.
Precipitación acuosa ⁽¹⁾ 2000-01: distribución segundo cuncas hidrográficas

	2000 <i>(litros por metro cadrado)</i>	2001 <i>(litros por metro cadrado)</i>	01/00 <i>(%)</i>
España peninsular	717	670	-6,6
Vertente Norte e Noroeste	1.590	1.435	-9,7
Cunca do Duero	710	615	-13,4
Cunca do Tajo	695	665	-4,3
Cunca do Guadiana	553	632	14,3
Cunca do Guadalquivir	596	673	12,9
Vertente Sur	596	517	-13,3
Cunca do Segura	305	402	31,8
Cunca do Júcar	471	455	-3,4
Cunca do Ebro	645	485	-24,8
Vertente do Pirineo Oriental	637	568	-10,8

(1) media en litros por metro cuadrado
Fonte: INE

CADRO 5.3.7.
Capacidade dos embalses peninsulares e auga embalsada 2001-02: distribución segundo cuncas

	2001		2002		02/01	
	Capacidade	Auga	Capacidade	Auga	Capacidade	Auga
	<i>(millóns de metros cúbicos)</i>				<i>(%)</i>	
Norte	4.355	1.508	4.355	3.826	-	153,7
Duero	7.459	3.301	7.459	5.598	-	69,6
Tajo	10.975	5.083	10.975	7.175	-	41,2
Guadiana	8.821	5.852	8.821	5.648	-	-3,5
Guadalquivir	8.781	5.927	8.814	5.742	0,4	-3,1
Sur	1.113	480	1.113	379	-	-21,0
Segura	1.084	211	1.084	147	-	-30,3
Júcar	3.346	705	3.346	766	-	8,7
Ebro	6.504	3.801	6.504	5.013	-	31,9
Interiores de Cataluña	753	234	740	490	-1,7	109,4
Total	53.191	27.102	53.211	34.784	0,0	28,3

Fonte: INE

Usos da auga no sector agrario en Galicia e España 2001

	Galicia	España
	(en miles de m ³)	
Concesión de auga	215.731	23.120.458
Augas superficiais	187.835	21.000.575
Augas subterráneas	27.896	1.182.526
Outros recursos hídricos	-	937.357
Auga adquirida e subministrada		
Auga adquirida a outras unidades económicas	-	468.931
Augas subministrada por outras unidades económicas	-	236.963
Para usos agrícolas e gandeiros	-	15.744
Para outros usos industriais	-	188.250
Para abastecemento urbano	-	32.969
Distribución de auga nas explotacións agrícolas		
Por tipos de cultivos	132.248	16.595.595
Herbáceos	132.248	6.812.652
Frutais	-	2.683.355
Olivar	-	688.363
Viñedo	-	454.190
Patacas e hortalizas	-	1.416.532
Outros tipos de cultivos	-	4.540.503
Polas técnicas de rego e manexo	132.248	16.595.597
Aspersión	-	2.573.834
Goteo	-	1.544.167
Gravidade	132.248	10.741.237
Outros	-	1.736.359

Fonte: INE, Encuesta sobre el uso del agua en el sector agrario 2001

de de 4.355 millóns de metros cúbicos (o 8,2% do total estatal) sendo a auga embalsada de 3.826 millóns de metros cúbicos, o 11% do total de España. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que no ano 2001 se produce un incremento do 153,7% no volume de auga embalsada na zona norte, sendo este incremento do 28,3% no conxunto do Estado.

No que respecta ós usos de auga no sector agrario en Galicia no ano 2001, o **cadro 5.3.8.** mostra que a concesión de auga en Galicia é de 215 millóns de m³ divididos entre augas superficiais (o 87%) e augas subterráneas. Este volume de concesión representa o 0,9% do total do conxunto do Estado español. No concenrente á distribución de auga nas explotacións agrícolas, esta é de 132 millóns de m³ e está exclusivamente empregada en cultivos herbáceos e cunha técnica de rego e manexo por gravidade.

As perdas de auga na rede de distribución en Galicia no ano 2001 ascenderon a 47,7 millóns de m³, un 19% máis que no ano 2000, o que representa o 5,1% do total de perdas de na rede de distribución no conxunto do Estado español no ano 2001 (**cadro 5.3.9.**).

O volume de perdas de auga na rede de distribución en Galicia no ano 2001 é o oitavo máis

importante de tódalas comunidades autónomas, por detrás de Andalucía, Valencia, Cataluña, Madrid, País Vasco, Castela e León e Aragón.

Finalmente, o **cadro 5.3.10.** mostra o prezo medio da auga nas diferentes comunidades autónomas no período 2000-01. En Galicia no ano 2002 o prezo por m³ de auga situouse en 0,60 euros, por debaixo da media estatal (0,77 euros) e por encima de comunidades como Aragón (0,59), Asturias (0,54), Cantabria (0,53), Castela e León (0,46), Castela-A Mancha (0,48), Navarra (0,59) e A Rioxa (0,42). O prezo do m³ de auga en Galicia incrementouse un 11,1% respecto do ano anterior, fronte ó 5,5% de incremento da media estatal.

En Galicia ó longo do ano 2001 distribuíuse un total de 270,9 millóns de m³ de auga (**cadro 5.3. 11.**), dos que un 45,2% destináronse ó uso dos fogares, un 24,3% ós sectores económicos e un 2,9% a consumos municipais.

No que respecta á recollida e tratamento de augas residuais nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 5.3.12.** mostra como en Galicia no ano 2001, recolléronse 639.672 m³ de augas residuais por día, dos que foron tratados 447.168 m³, o que sitúa a Galicia no quinto lugar despois de Cataluña, Andalucía, Madrid e Valencia, aínda

CADRO 5.3.9.
Perdas de auga na rede de distribución nas CC.AA. 2000-01

	Auga perdida		01/00
	2000	2001	
	(en miles de m ³)		
Andalucía	153.328	163.441	6,6
Aragón	61.457	51.127	-16,8
Asturias	25.697	22.433	-12,7
Baleares, Illas	20.039	21.146	5,5
Canarias	38.870	38.478	-1,0
Cantabria	15.552	16.215	4,3
Castela e León	75.863	75.609	-0,3
Castela-A Mancha	33.958	36.216	6,6
Cataluña	167.632	119.021	-29,0
Valenciana	157.709	124.971	-20,8
Extremadura	17.009	17.242	1,4
Galicia	40.118	47.728	19,0
Madrid	76.165	79.092	3,8
Murcia	19.364	23.348	20,6
Navarra	9.806	11.754	19,9
País Vasco	77.691	71.040	-8,6
Rioxa, A	5.289	6.786	28,3
Ceuta e Melilla	4.869	7.174	47,3
España	1.000.416	932.821	-6,8

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

CADRO 5.3.10.
Prezo medio da auga nas CC.AA. 2000-01

	Prezo medio		01/00
	2000	2001	
	(€/m ³)		(%)
Andalucía	0,59	0,64	8,5
Aragón	0,59	0,59	0,0
Asturias	0,51	0,54	5,9
Baleares, Illas	1,32	1,45	9,8
Canarias	1,58	1,66	5,1
Cantabria	0,53	0,53	0,0
Castela e León	0,42	0,46	9,5
Castela-A Mancha	0,44	0,48	9,1
Cataluña	0,94	0,91	-3,2
Valenciana	0,66	0,71	7,6
Extremadura	0,72	0,74	2,8
Galicia	0,54	0,60	11,1
Madrid	0,69	0,76	10,1
Murcia	1,12	1,12	0,0
Navarra	0,60	0,59	-1,7
País Vasco	1,12	1,09	-2,7
Rioxa, A	0,41	0,42	2,4
Ceuta e Melilla	0,58	0,63	8,6
España	0,73	0,77	5,5

Fonte: INE, Indicadores sobre el agua

CADRO 5.3.11.
Auga controlada e distribuída para o abastecemento público 2001: distribución segundo grandes grupos de usuarios

	Sectores económicos	Fogares	Consumos municipais	Outros	Total
	(en miles de m ³)				
Andalucía	119.347	486.530	57.015	31.824	694.716
Aragón	23.569	76.337	4.590	4.494	108.990
Asturias	30.666	60.018	3.104	-	93.788
Baleares, Illas	24.737	38.115	1.311	1.543	65.706
Canarias	36.720	83.329	8.189	4.353	132.591
Cantabria	23.439	34.023	2.034	6.424	65.920
Castela e León	67.086	130.634	28.218	21.142	247.080
Castela-A Mancha	17.367	128.203	21.947	4.841	172.358
Cataluña	170.314	426.217	43.769	20.954	661.254
Valenciana	102.859	237.245	18.033	5.222	363.359
Extremadura	18.461	65.284	8.457	2.903	95.105
Galicia	65.821	122.460	18.677	63.910	270.868
Madrid	95.937	338.263	60.642	328	495.170
Murcia	25.315	66.127	6.609	2.585	100.636
Navarra	17.995	29.849	5.277	2.748	55.869
País Vasco	69.502	114.528	13.976	4.225	202.231
Rioxa, A	10.100	14.416	10.862	-	35.378
Ceuta e Melilla	892	7.970	172	597	9.631
España	920.127	2.459.548	312.882	178.093	3.870.650

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

CADRO 5.3.12.

Recollida e tratamento das augas residuais 2001: distribución segundo clase de indicador e comunidade autónoma

	Aguas residuais		Volumen total de agua vertida	Volumen total de agua reutilizada
	Recollidas	Tratadas		
			(en m ³ / día)	
Andalucía	1.770.911	1.581.312	1.691.730	70.547
Aragón	292.225	247.468	247.020	31.213
Asturias	186.484	150.363	168.004	-
Baleares, Illas	154.028	146.948	88.135	64.181
Canarias	241.054	166.612	159.096	78.132
Cantabria	98.222	49.138	48.228	318
Castela e León	414.182	295.914	403.849	2.953
Castela-A Mancha	341.933	336.019	298.105	21.562
Cataluña	1.789.533	1.609.628	1.770.831	13.452
Valenciana	673.040	551.977	564.482	98.934
Estremadura	235.017	175.387	214.522	16.227
Galicia	639.672	447.168	631.065	162
Madrid	1.146.841	1.145.424	1.139.442	4.486
Murcia	238.309	206.781	182.524	53.755
Navarra	132.459	121.919	118.875	7.027
País Vasco	499.427	433.841	389.155	98.500
Rioxa, A	80.800	70.800	80.000	-
Ceuta e Melilla	20.000	19.800	19.600	150
España	8.954.137	7.756.499	8.214.663	561.599

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

CADRO 5.3.13.

Eficiencia en depuración de augas residuais 2001: distribución segundo clase de indicador

	Eficiencia na eliminación da Demanda Química de Osixeno (DQO)	Eficiencia na eliminación da Demanda Bioquímica de Osixeno (DBO5)	Eficiencia na eliminación de Sólidos en Suspensión	Eficiencia na eliminación de Nitróxeno total	Eficiencia na eliminación de Fósforo total	Eficiencia na eliminación de metais
	(%)					
Andalucía	85	89	90	33	39	44
Aragón	88	95	93	55	87	0
Asturias	87	93	90	0	0	0
Baleares, Illas	82	90	85	45	32	0
Canarias	91	95	94	49	45	0
Cantabria	91	92	92	0	0	0
Castela e León	83	86	89	47	74	79
Castela-A Mancha	57	69	14	32	62	0
Cataluña	87	95	92	68	58	0
Valenciana	77	86	86	27	52	90
Estremadura	87	93	82	48	54	0
Galicia	89	92	81	40	49	0
Madrid	68	74	71	66	0	0
Murcia	89	91	73	37	42	0
Navarra	78	87	86	79	85	94
País Vasco	77	77	74	47	88	0
Rioxa, A	74	80	51	48	86	0
Ceuta e Melilla	0	0	0	0	0	0
España	85	92	90	64	57	86

Fonte: INE, Encuesta sobre el suministro y tratamiento del agua

que por debaixo da porcentaxe de augas residuais tratadas sobre o total de recollidas do Estado, que é do 86,6% fronte o 69,9% de Galicia.

Galicia é a cuarta comunidade en volume total de auga vertida, con 631.065 m³ por día, e é a cuarta comunidade con menor volume de auga reutilizada, con 162 m³ por día, só por diante de Asturias, A Rioxa e Ceuta e Melilla.

Finalmente, o **cadro 5.3.13.** mostra a eficiencia en depuración de augas residuais, distribuída en función da clase de indicador nas diferentes comunidades autónomas. Neste senso salienta o feito de que Galicia está por debaixo da media estatal en catro dos seis indicadores de eficiencia, e só está por encima na porcentaxe de eliminación da demanda química de osíxeno, que en Galicia é do 89%, fronte ó 85% a nivel estatal.

Incendios forestais 2001-02
2001

	Total siniestros	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. no arbolada	sup. total
			(en has.)	
A Coruña	2.640	1.351,0	2.304,2	3.655,3
Lugo	945	251,7	1.123,7	1.375,4
Ourense	3.559	1.355,0	8.167,5	9.522,6
Pontevedra	2.841	1.056,6	2.743,9	3.800,4
Total	9.985	4.014,3	14.339,3	18.353,6
España	19.547	19.363	73.935	93.298
Galicia / España (%)	51,1	20,7	19,4	19,7

2002

	Total siniestros	superficie afectada		
		sup. arbolada	sup. rasa	sup. total
			(en has.)	
A Coruña	2.326	1.244,5	2.513,3	3.757,9
Lugo	1.275	636,9	2.817,6	3.454,4
Ourense	3.896	3.804,6	9.239,1	13.043,7
Pontevedra	3.276	1.892,4	3.976,8	5.869,3
Total	10.773	7.578,4	18.546,8	26.125,2
España	19.929	25.197	82.275	107.472
Galicia / España (%)	54,1	30,1	22,5	24,3

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente

Solo

No ano 2002 produciuse un incremento no número de incendios e na superficie total afectada. O número total de incendios forestais rexistrados en Galicia aumentou un 7,9% respecto ó ano 2001, ó pasaren dos 9.985 incendios no 2001 ós 10.773 lumes no 2002. Este incremento prodúcese en tódalas provincias galegas, agás na de A Coruña (314 incendios menos), salientando a evolución rexistrada na provincia de Lugo, cun 34,9% de incendios máis que no ano 2001 (**cadro 5.3.14.**).

A provincia de Ourense é a que presenta o maior número de incendios, con 3.896 (o 36,2% dos lumes rexistrados en Galicia), seguida por Pontevedra e A Coruña, con 3.276 (o 30,4%) e 2.326 (21,6%) incendios, respectivamente.

Este aumento no número de incendios rexistrados na comunidade galega foi acompañado dun incremento da superficie total afectada (un 42,3% maior que no ano anterior) para situarse nas 26.125,2 hectáreas fronte ás 18.353,6 hectáreas do ano anterior. Este incremento rexístrase tanto no caso da superficie rasa, onde a superficie

afectada foi de 4.207,5 hectáreas máis que no ano 2001, como no caso da superficie arborada, con 3.565,1 hectáreas máis.

Atendendo á desagregación por provincias, o **cadro 5.3.14.** amosa que o aumento da superficie afectada prodúcese en tódalas provincias; a provincia de Ourense acolle o 49,9% da superficie galega afectada, con 13.043,7 hectáreas, mentres que Lugo, A Coruña e Pontevedra acollen o 13,2% (3.454,4 hectáreas), o 14,4% (3.757,9 hectáreas) e o 22,5% (5.869,3 hectáreas), respectivamente. No caso da superficie arborada, destaca a provincia de Ourense con 3.804,6 hectáreas, o 50,2% do total de superficie arborada queimada no ano 2002. A Coruña e Pontevedra acollen unha porcentaxe similar da superficie afectada, cun 16,4% e 25% cada unha das provincia. No caso da superficie rasa, a provincia de Ourense abrangue o 49,8% da superficie rasa afectada en Galicia.

Os datos do Ministerio de Medio Ambiente, **cadro 5.3.14.**, mostran que os incendios rexistrados en Galicia no ano 2002 (o 54,1% dos incendios estatais) afectaron a unha superficie que representaba o 24,3% do total da superficie total

CADRO 5.3.15.

Residuos urbanos mesturados e recollidos selectivamente 1999-00: distribución segundo tipo de residuo

	2000		1999		00/99		G / E	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	2000	1999
	(en Tm.)				(%)			
Residuos mesturados	1.567.762	23.792.175	1.518.050	22.895.689	3,3	3,9	6,6	6,6
R. domésticos mesturados e públicos similares	1.436.869	22.501.553	1.005.326	20.469.176	42,9	9,9	6,4	4,9
R. domésticos voluminosos mesturados	72.587	713.658	443.740	1.998.088	-83,6	-64,3	10,2	22,2
R. procedentes de mercados e da limpeza de vías públ.	58.306	576.964	68.984	428.425	-15,5	34,7	10,1	16,1
Residuos recollidos selectivamente	117.420	2.712.815	110.949	1.573.710	5,8	72,4	4,3	7,1
Parque e xardíns	10.134	295.414	20.854	199.536	-51,4	48,1	3,4	10,5
Pilas e acumuladores	247	10.416	133	4.263	85,7	144,3	2,4	3,1
Papel e cartón	24.985	586.422	24.443	517.723	2,2	13,3	4,3	4,7
Vidrio	40.131	612.352	31.231	508.365	28,5	20,5	6,6	6,1
Plásticos	3.524	157.665	11.161	106.232	-68,4	48,4	2,2	10,5
Metais	3.898	71.744	13.814	51.057	-71,8	40,5	5,4	27,1
Madeira	3.149	96.981	5.214	46.348	-39,6	109,2	3,2	11,2
Embalaxes compostos	3.367	96.453	-	1.750	-	5.411,6	3,5	0,0
Envases mixtos	20.333	295.562	3.317	29.049	513,0	917,5	6,9	11,4
Aceites e grasas	2.004	52.262	-	1.431	-	3.552,1	3,8	0,0
Roupa e textís	-	2.833	142	3.203	-100,0	-11,6	0,0	4,4
Medicinas e produtos químicos	1.985	38.983	-	3.831	-	917,6	5,1	0,0
Equipos desbotados	346	4.466	180	3.333	92,2	34,0	7,7	5,4
Vehículos fóra de uso	3.317	14.726	-	2.638	-	458,2	22,5	0,0
Outros	-	376.536	460	94.951	-100,0	296,6	0,0	0,5

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

afectada en España. No caso da superficie arborada, esta porcentaxe ascende ata o 30,1%, e no caso da superficie rasa ata o 22,5%.

Residuos sólidos

Segundo a *Encuesta sobre la recogida y tratamiento de residuos urbanos*, **cadro 5.3.15.**, ó longo do ano 2000 recolléronse en Galicia 1.685,2 miles de toneladas de residuos, un 3,4% máis que no ano anterior, (o 6,4%) do total estatal, o que equivale a 608 quilogramos por habitante (630,6 quilogramos por habitante no conxunto do Estado).

A meirande parte dos residuos, 1.567,8 miles de toneladas, un 93% corresponde á recollida de residuos mesturados, sendo o 7% restante recollida de forma selectiva. A recollida de residuos mesturados incrementouse en Galicia respecto do ano anterior un 3,3%. A súa importancia relativa no total estatal é do 6,6% e 4,3%, respectivamente.

O **cadro 5.3.16.** amosa que en Galicia recolléronse no ano 2000 un total de 608 quilogramos por habitante, dos que 574 quilogramos (un 6,3% máis que no ano 1999) corresponde a residuos mesturados e 34 quilogramos (un 43,1% máis) a residuos recollidos selectivamente. Comparado co total estatal, en Galicia recóllense 22,6 kilo-

gramos menos por habitante e ano (14 quilogramos menos no caso dos residuos mesturados e 8,6 menos no caso dos residuos recollidos selectivamente).

No caso dos residuos recollidos selectivamente, o **cadro 5.3.17.** amosa que en Galicia recóllense 14,7 quilogramos por habitante de vidro, fronte ós 9,1 quilogramos no caso do papel e cartón, e 1,3 quilogramos no caso do plástico. No conxunto do Estado, estes indicadores acadan os 15,1 quilogramos, 14,5 e 3,9 quilogramos, respectivamente.

Atendendo ós residuos industriais xerados nas comunidades autónomas, o **cadro 5.3.18.** reflicte que ó longo do ano 2000 en Galicia xeráronse 4.698,3 toneladas de residuos industriais catalogados como non perigosos, o 7,4% do total xerado a nivel estatal, e 33,7 toneladas de residuos industriais perigosos, o 2,4% do total estatal. Galicia é a cuarta comunidade autónoma en canto a volume de residuos industriais non perigosos e a novena en canto a volume de residuos industriais perigosos.

No que respecta á distribución segundo actividade económica da xeración de residuos industriais, o **cadro 5.3.19.** mostra como en Galicia a principal actividade económica xeradora de residuos industriais non perigosos no ano 2000 son

CADRO 5.3.16.
Recollida de residuos domésticos e públicos 1999-00: distribución segundo tipo de residuo

	2000		1999		00/99	
	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente	Residuos mezclados	Res. recogidos selectivamente
	(Kg./hab./ano)					
Andalucía	686	37,9	671	26,0	2,2	45,6
Aragón	661	46,3	624	24,0	5,9	92,7
Asturias	582	32,3	539	23,6	8,0	36,7
Baleares	817	36,7	864	32,2	-5,4	13,9
Canarias	740	33,3	739	41,9	0,1	-20,5
Cantabria	424	33,0	399	35,0	6,3	-5,6
Castela e León	429	29,2	413	21,2	3,9	38,0
Castela - A Mancha	478	32,2	468	22,3	2,1	44,6
Cataluña	583	52,6	576	28,9	1,2	82,0
Comunidade Valenciana	596	29,6	568	17,3	4,9	70,7
Extremadura	496	33,5	487	27,6	1,8	21,4
Galicia	574	34,0	540	23,8	6,3	43,1
Madrid	552	73,1	530	44,5	4,2	64,4
Murcia	553	24,7	544	12,5	1,7	97,6
Navarra	604	56,3	605	47,4	-0,2	18,8
País Vasco	483	41,1	466	28,4	3,6	44,5
A Rioxa	569	48,0	518	35,8	9,8	34,1
Ceuta e Melilla	411	22,5	391	0,3	5,1	6997,8
Total	588	42,6	569	28,1	3,3	51,3

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

CADRO 5.3.17.
Recollida selectiva de residuos 2000: distribución segundo tipo de residuo

	Papel e cartón	Vidrio	Plástico
	(Kg./hab./ano)		
Andalucía	13,5	14,4	3,2
Aragón	14,2	12,7	3,1
Asturias	15,8	14,6	1,2
Baleares	15,4	20,0	1,2
Canarias	16,9	16,4	-
Cantabria	18,0	13,5	1,5
Castela e León	10,9	14,4	0,3
Castela - A Mancha	12,3	11,2	0,8
Cataluña	14,4	14,9	4,2
Comunidade Valenciana	10,4	14,3	0,5
Extremadura	10,3	14,8	6,5
Galicia	9,1	14,7	1,3
Madrid	19,5	21,4	14,9
Murcia	12,6	10,2	0,6
Navarra	26,1	15,7	9
País Vasco	22,8	10,7	1
A Rioxa	17,6	16,7	3,4
Ceuta e Melilla	10,8	11,7	-
Total	14,5	15,1	3,9

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos urbanos

CADRO 5.3.18.
Resíduos industriais xerados nas Comunidades Autónomas 2000

	Non perigosos		Perigosos		Totais	
	(entoneladas)	%	(entoneladas)	%	(entoneladas)	%
Andalucía	18.807,7	29,8	191,5	13,9	19.029,0	29,4
Aragón	716,1	1,1	52,6	3,8	769,8	1,2
Principado de Asturias	2.711,8	4,3	431,4	31,3	3.147,5	4,9
Baleares, Illas	62,9	0,1	0,2	0,0	63,2	0,1
Canarias	58,6	0,1	7,8	0,6	66,5	0,1
Cantabria	490,7	0,8	18,6	1,4	510,1	0,8
Castela e León	23.898,8	37,8	49,0	3,6	23.985,6	37,1
Castila A Mancha	794,7	1,3	28,1	2,0	824,1	1,3
Cataluña	5.847,8	9,3	158,0	11,5	6.015,1	9,3
Comunidade Valenciana	1.697,1	2,7	94,8	6,9	1.794,6	2,8
Extremadura	46,5	0,1	0,5	0,0	47,1	0,1
Galicia	4.698,3	7,4	33,7	2,4	4.739,4	7,3
Madrid	726,6	1,2	60,9	4,4	788,7	1,2
Murcia	328,7	0,5	23,1	1,7	352,3	0,5
Navarra	510,4	0,8	23,7	1,7	534,9	0,8
País Vasco	1.698,6	2,7	198,6	14,4	1.899,9	2,9
A Rioxa	80,7	0,1	3,8	0,3	84,6	0,1
España	63.176,7	100	1.376,3	100	64.653,0	100

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

CADRO 5.3.19.

Residuos xerados en España e Galicia 2000: distribución segundo actividade económica e tipo de residuo

	España		Galicia	
	Non perigosos	Perigosos	Non perigosos	Perigosos
	(en toneladas)			
Disolventes usados	76.842,1	92.511,7	206,7	3.467,7
Residuos ácidos alcalinos ou salinos	3.101.987,7	316.254,5	23.862,2	4.610,0
Aceites usados	12.183,9	83.073,7	418,4	4.668,5
Residuos de procesos químicos e físicos	1.004.556,0	527.381,9	11.701,3	6.329,3
Residuos e depósitos químicos	136.176,7	35.349,5	9.732,7	1.019,2
Outros residuos químicos	3.981,8	9.293,4	7,3	338,0
Residuos biolóxicos	6.248,3	257,6	0,1	6,4
Residuos metálicos	1.765.861,2	83.655,5	131.886,0	8.875,5
Residuos de vidro	198.871,8	-	536,0	-
Residuos de papel e cartón	996.877,2	-	69.215,3	-
Residuos de caucho	46.058,0	-	205,1	-
Residuos de plástico	239.943,8	-	17.863,5	-
Residuos de madeira	777.308,0	-	200.160,4	-
Residuos téxtis	85.437,7	10.734,4	4.540,8	87,1
Vehículos fóra de uso	1.519,1	-	59,2	-
Equipo desechados (1)	12.305,8	24.358,8	2.150,9	26,2
Abono e abono líquido	5.382,8	-	-	-
Residuos animais e vexetais	1.085.171,9	-	73.805,9	-
Residuos domésticos e similares	216.586,2	-	11.825,9	-
Materiais mixtos	222.122,8	-	3.874,7	-
Residuos de tratamento	332.276,2	14.738,6	2.437,2	827,8
Lodos comúns	1.241.410,5	-	266.695,9	-
Residuos minerais e da construción (2)	48.356.714,7	73.016,3	3.417.216,6	77,8
Residuos da combustión	2.894.480,4	105.669,5	449.668,7	3.334,3
Residuos solidificados e vitrificados	356.451,0	-	229,0	-
Cantidade de residuos xerados	63.176.755,6	1.376.295,4	4.698.299,8	33.667,8

(1) non inclúe os vehículos fóra de uso

(2) non inclúe os Residuos da combustión

Fonte: INE, Encuesta sobre generación de residuos en el sector industrial

CADRO 5.3.20.

Indicadores de Residuos a 31 de decembro de 2002

Indicador	Unidade	
Producción anual de RSU	(kg/habitante/día)	0,9
	(Toneladas anuais)	800.000
Vertedoiros e puntos de vertido incontrolados		
vertedoiros inventariados		330
vertedoiros clausurados e eliminados		60
Puntos de vertido inventariados		625
Puntos de vertido limpados		25
Municipios con recollida selectiva implantada		
adheridos a ECOEMBES		279
adheridos a ECOVIDRIO		200
Residuos tratados no complexo de SOGAMA en Cerceda (2002)	(Toneladas anuais)	424.240
Concellos adheridos ó Plan Sogama		183
Poboación cuberta por xestión RSU	(habitantes)	2.378.936
Producción anual de Residuos Industriais Perigosos	(miles de quilogramos)	227.227,0
Aceites e R. Marpol tratados		
Residuos de Aceites	(miles de quilogramos)	19.958,9
MARPOL	(miles de quilogramos)	114.808,7

Fonte: Consellería de Medio Ambiente

os residuos minerais e da construción, con 3,4 millóns de toneladas (o 72,7% do total de residuos non perigosos xerados en Galicia), seguidos dos residuos da combustión, con 0,45 millóns de toneladas. No que respecta ós residuos perigosos, os residuos metálicos ascenden a 8,9 toneladas, o que supón o 26,4% do total de residuos perigosos xerados en Galicia no ano 2000.

Finalmente, o **cadro 5.3.20.** recolle unha serie de indicadores sobre residuos facilitados pola Consellería de Medio Ambiente. Respecto á

recollida selectiva implantada en Galicia, o devandito cadro reflicte que en abril de 2002 había un total de 279 municipios adheridos a ECOEMBES e 200 adheridos a ECOVIDRIO.

Asemade, a produción anual de residuos industriais perigosos (RIP) e destino dos mesmos, a produción anual de RIP ascendeu a 227.227,0 toneladas, sendo o destino dos mesmos os xestores autorizados de residuos industriais perigosos. ■